



5.2.- Investigación e tecnoloxía

■ O gasto nas actividades de I+D descendeu no ano 2013 en Galicia un 3,9%, con caídas tanto no sector empresarial como no ámbito público. Este descenso tradúcese nunha redución do esforzo investidor, medido como a relación entre o gasto nestas actividades e o PIB, que se sitúa no 0,86%, a porcentaxe máis baixa dende que comezou a crise. Esta ratio non só se sitúa por baixo da media española e europea, senón que ademais está moi lonxe do obxectivo recollido no Plan galego I2=C de acadar o 2% do PIB para 2015.

No que respecta ao uso das TICs, no último ano aumenta a brecha dixital de Galicia co conxunto do Estado no caso do uso das novas tecnoloxías por parte das persoas de 16 a 74 anos. Pola contra, a porcentaxe de nenos de 10-15 anos que se conectaron a internet nos últimos tres meses ou que dispoñen de teléfono móbil é superior en Galicia que en España.


Antes de analizar os principais datos estatísticos da situación do I+D en Galicia,

cómpre mencionar a presentación no mes de marzo de 2014 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), que establece o novo mecanismo de definición das políticas de investigación e innovación. No marco da implementación da Estratexia RIS3 o orzamento total dispoñible ascende a 1.624 millóns de euros, dos que 936 millóns corresponden ao orzamento de aplicación a nivel autonómico, tanto a través dos fondos estruturais e do investimento europeo como dos fondos propios, estimándose ao mesmo tempo unha mobilización de capital privado de 468 millóns de euros.

Indicadores de I+D+i

Dende un punto de vista xeral, o Indicador Sintético Global da Nova Economía (ISNE) elaborado polo Centro de Predición Económica (Ceprede) da Universidade Autónoma de Madrid a partir dun conxunto de indicadores sobre innovación tecnolóxica, nova economía nas empresas, nos fogares e nas administracións públicas, reflicte que no ano



Indicador sintético global da Nova Economía nas CC.AA. 2014 ⁽¹⁾

(1) datos ata o mes de xuño de 2014

Fonte: CEPREDE, *Penetración regional de la nueva economía*

■ 5.2.1.

2014 Galicia mellora a súa posición relativa en comparación co Estado, acadando un valor de 92 (media estatal igual a 100).

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia mantense como a sétima comunidade co valor máis baixo do devandito índice. Como se aprecia no **cadro 5.2.1.**, as CC.AA. que presentan valores do ISNE superior a 100 son Madrid (126), Navarra (117), País Vasco (116), Cataluña (109) e Aragón (101). Por contra, as catro CC.AA. que presentan valores inferiores a 90 son Castela-A Mancha (84), Murcia (83), Canarias (80) e Extremadura (78).

● Gasto interno en actividades de investigación e desenvolvemento

O gasto interno galego en actividades de investigación e desenvolvemento descendeu no ano 2013 ata os 468,7 millóns de euros, o que representa o 3,6% do gasto total estatal. En relación ao investido no ano anterior o gasto interno redúcese en Galicia un 3,9% (19,1 millóns de euros menos), porcentaxe máis dun punto superior á media do conxunto do Estado, que foi do 2,8%. O descenso no gasto interno en Galicia ven motivado tanto pola redución do gasto en

I+D das empresas en 9,5 millóns de euros (4,2%) como do gasto no ámbito público, con 9,7 millóns de euros menos (3,7% inferior ao do ano anterior)

En comparación co resto de Comunidades Autónomas, Galicia é a oitava Comunidade cun menor axuste en termos de gasto interno en I+D, lonxe das reducións experimentadas en comunidades como Castela León (14% menos) ou Cantabria e Castela-A Mancha (12,8% e 12,6% menos, respectivamente). No último ano aumenta a concentración do gasto en actividades de I+D nas comunidades autónomas de Madrid e Cataluña, que en conxunto acollen o 49,2% do gasto fronte ao 47,9% do ano anterior, manténdose Galicia no sétimo lugar entre as Comunidades con máis representación no total do gasto interno estatal en I+D.

A redución dos recursos investidos en I+D ten tamén o seu reflexo na variación que rexistra a porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. A diferenza do que acontece no conxunto da Unión Europea, onde o esforzo investidor mantén unha tendencia crecente a pesar da crise económica, tanto Galicia como o conxunto do Estado presen-



Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2012-13


	Gastos			Persoal (1)		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en miles de euros)			(%)		
Andalucía	1.480.460	1.471.261	-0,6	24.647	24.139	-2,1
Aragón	312.795	298.081	-4,7	6.133	5.534	-9,8
Asturias	195.892	183.717	-6,2	3.426	3.372	-1,6
Baleares	89.921	86.982	-3,3	1.956	1.848	-5,5
Canarias	211.495	203.078	-4,0	3.779	3.481	-7,9
Cantabria	126.166	110.047	-12,8	2.019	1.780	-11,8
Castela e León	617.467	531.000	-14,0	9.547	8.862	-7,2
Castela-A Mancha	230.547	201.453	-12,6	3.170	2.777	-12,4
Cataluña	2.991.010	2.960.612	-1,0	44.462	44.506	0,1
C. Valenciana	1.008.041	998.399	-1,0	18.889	18.528	-1,9
Extremadura	128.432	129.629	0,9	2.126	2.120	-0,3
Galicia	487.840	468.701	-3,9	9.509	9.386	-1,3
Madrid	3.433.677	3.434.613	0,0	48.773	47.609	-2,4
Murcia	227.759	224.761	-1,3	5.459	5.290	-3,1
Navarra	346.690	317.158	-8,5	4.822	4.625	-4,1
País Vasco	1.431.108	1.328.297	-7,2	18.591	18.072	-2,8
A Ríoxa	69.297	61.270	-11,6	1.469	1.327	-9,7
Ceuta e Melilla	3.008	2.740	-8,9	54	46	-15,7
Total	13.391.607	13.011.798	-2,8	208.831	203.302	-2,6

(1) persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.2.

Esfuerzo investigador en I+D en relación ao PIB (1) 2007-2013




(1) porcentaxe de gastos en I+D en relación ao PIB a prezos de mercado; dende 2000 a 2009, PIBpm base 2000; dende 2009 a 2011, base 2008; dende 2012, base 2010

Fonte: INE e EUROSTAT

5.2.3.



Esfuerzo investigador en I+D e PIB per cápita das CC.AA. 2013



Fonte: INE

5.2.4.

tan un descenso da rateo gasto/PIB dende o ano 2010. Galica investiu no ano 2013 o 0,86% do seu PIB en actividades de I+D, case catro décimas inferior á media española, sendo esta diferenza moito máis acusada no que respecta á media europea, que se sitúa no 2,02%. Asemade, cómpre sinalar que a evolución do esforzo investigador en I+D sitúa a Galicia moi lonxe do obxectivo recollido na Estratexia Europea 2020, de aproximarse a un gasto interno en I+D sobre o 3% do PIB, e mesmo do obxectivo do Plan galego I2=C de acadar o 2% do PIB para 2015.

O gasto interno en I+D por habitante volveu a descender no ano 2013, cando acada os 170,6 euros, case seis euros menos que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade con menor gasto interno en I+D por habitante, lonxe da media estatal, que ascende a 279,8 euros por habitante (case sete euros menos que no ano anterior), e tamén moi afastado do gasto das Comunidades que realizan un maior esforzo, como son o País Vasco (612,9 euros por habitante) ou Navarra (542 euros por habitante), as dúas rexións españolas con-

sideradas "seguidoras de innovación" a nivel europeo.

O **cadro 5.2.4.** amosa como un menor PIB per cápita se correlaciona cun menor esforzo investigador. Neste senso, Galicia estaría situada no cadrante inferior esquerdo mentres que as comunidades autónomas de Madrid, Navarra, Cataluña e País Vasco, cuxos maiores niveis de PIB por habitante estarían asociados, en consecuencia, cunha maior participación do gasto en I+D sobre o conxunto do PIB, o están no cadrante superior dereito.

Ao igual que no caso do gasto en I+D por habitante, os recursos investidos en I+D por investigador descende no último ano, acadando os 86.848 euros, un 3,1% menos que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con menor investimento, lonxe da media estatal que foi de 105.594 euros. Esta evolución ven causada pola redución do 3,9% no gasto interno en I+D fronte ao 0,8% do número de investigadores.

Atendendo á distribución segundo sectores



Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2012-13: importancia relativa

	Gastos totais / PIB (1)		Persoal / 1.000 activos (2)		Gasto / Investigador	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
	(%)				(en euros)	
Andalucía	1,07	1,06	6,09	5,99	103.674	106.090
Aragón	0,96	0,92	9,13	8,44	76.403	80.584
Asturias	0,89	0,86	6,99	6,92	86.258	82.200
Baleares	0,35	0,33	3,18	3,02	63.014	62.536
Canarias	0,53	0,50	3,43	3,16	76.879	79.851
Cantabria	1,01	0,89	7,08	6,37	105.402	102.780
Castela e León	1,14	0,99	8,01	7,57	103.342	91.407
Castela-A Mancha	0,64	0,56	3,11	2,73	132.498	140.847
Cataluña	1,55	1,54	11,36	11,52	117.203	116.087
C. Valenciana	1,03	1,03	7,63	7,53	86.505	89.349
Extremadura	0,78	0,80	4,19	4,13	101.527	100.208
Galicia	0,88	0,85	7,22	7,27	89.627	86.848
Madrid	1,85	1,87	14,10	14,05	116.784	119.960
Murcia	0,85	0,85	7,49	7,30	59.143	60.573
Navarra	1,95	1,81	15,11	14,71	109.263	105.949
País Vasco	2,25	2,12	17,38	17,26	121.270	114.164
A Rioxa	0,88	0,79	9,23	8,52	76.997	76.712
Ceuta e Melilla	0,11	0,10	0,74	0,60	88.471	66.344
Total	1,38	1,31	8,91	8,77	105.631	105.594

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes

(2) persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE

■ 5.2.5.

de execución, Galicia caracterízase polo predominio do sector público (administración pública e ensino superior), que acollen máis da metade do gasto fronte ao 46% do sector empresarial. Estes datos reflicten a dificultade de cumprir o obxectivo fixado pola Xunta de Galicia no seu Plan I2=C de que no ano 2015 o sector privado contribuíse co 75% do esforzo investidor. A nivel estatal o gasto executado polo sector empresas é historicamente superior ao rexistrado por parte do sector público, representando no 2013 o sector empresarial o 53,1% do gasto en I+D.

● Persoal de investigación e desenvolvemento

Galicia volve a presentar no último ano un descenso do persoal de I+D empregado en xornada de equivalencia completa, se ben esta caída é inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 5.2.5.**, no ano 2013 Galicia contaba con 9.386 empregados nestas actividades, un

1,3% menos que no ano anterior, sendo esta caída do 2,6% en España. En termos relativos, Galicia conta con 7,3 persoas en equivalencia a xornada completa por cada 1.000 activos, o que a sitúa como a décima Comunidade Autónoma con menor rateo, lonxe da media española que é de 8,8 persoas por cada mil activos.

Dito axuste no total dos recursos humanos en I+D, produciuse principalmente no conxunto do sector público, cunha caída do persoal do 2,1%, sendo a devandita redución para o persoal investigador dun 0,9%. O sector empresarial, en cambio, mantén practicamente constante o número de persoas que traballa nas actividades de I+D en xornada equivalente a tempo completo, reducíndose nun 0,8% o persoal investigador. No conxunto de España a redución total do persoal foi superior á galega (descende un 2,6%), repartíndose a mesma entre o descenso do 1,3% do persoal do sector empresarial e o descenso do 3,7% no ámbito público. Unha análise temporal máis ampla



Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2013: distribución segundo sector

	Total (1)		Empresas		IPSFL		Administración Pública		Ensinanza superior	
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)
Andalucía	1.471.261		538.425	36,6	2.029	0,1	304.689	20,7	626.118	42,6
Aragón	298.081		162.051	54,4	211	0,1	67.679	22,7	68.140	22,9
Asturias	183.717		96.662	52,6	137	0,1	27.810	15,1	59.108	32,2
Baleares	86.982		11.120	12,8	226	0,3	32.898	37,8	42.738	49,1
Canarias	203.078		43.201	21,3	195	0,1	62.369	30,7	97.312	47,9
Cantabria	110.047		38.701	35,2	-	-	20.481	18,6	-	-
Castela e León	531.000		298.224	56,2	228	0,0	48.868	9,2	183.680	34,6
Castela-A Mancha	201.453		117.670	58,4	42	0,0	25.416	12,6	58.323	29,0
Cataluña	2.960.612		1.675.742	56,6	6.990	0,2	596.591	20,2	681.289	23,0
C. Valenciana	998.399		405.295	40,6	745	0,1	122.972	12,3	469.387	47,0
Extremadura	129.629		26.886	20,7	89	0,1	29.239	22,6	73.415	56,6
Galicia	468.701		214.937	45,9	-	-	69.672	15	-	-
Madrid	3.434.613		1.946.000	56,7	5.247	0,2	860.871	25,1	622.495	18,1
Murcia	224.761		87.291	38,8	105	0,0	34.397	15,3	102.968	45,8
Navarra	317.158		217.831	68,7	-	-	25.065	7,9	-	-
País Vasco	1.328.297		995.730	75,0	1.432	0,1	92.379	7,0	238.757	18,0
A Ríoxa	61.270		30.283	49,4	30.283	49,4	14.993	24,5	-	-
Ceuta e Melilla	2.740		-	-	-	-	-	-	-	-
Total (1)	13.011.798		6.906.396	53,1	21.551	0,2	2.436.444	18,7	3.647.407	28,0

(1) inclúe empresas, institucións privadas sen fins de lucro, administración pública e ensinanza superior

Nota: as celdas que son secreto estatístico se indican con valor 0 (-)

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.6.

Persoal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2013: distribución segundo sector

	Total (1)		Empresas		IPSFL		Administración Pública		Ensinanza superior	
	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores
Andalucía	24.139	13.868	7.650	3.720	56	15	5.223	2.499	11.210	7.635
Aragón	5.534	3.699	2.239	1.106	4	3	1.180	628	2.111	1.962
Asturias	3.372	2.235	1.473	839	3	2	583	261	1.313	1.133
Baleares	1.848	1.391	220	87	4	3	464	311	1.160	991
Canarias	3.481	2.543	579	298	5	1	1.161	676	1.736	1.568
Cantabria	1.780	1.071	602	249	-	-	349	223	-	-
Castela e León	8.862	5.809	3.522	1.693	8	2	909	442	4.424	3.672
Castela-A Mancha	2.777	1.430	1.378	589	1	1	493	312	905	528
Cataluña	44.506	25.503	20.898	9.643	91	57	9.468	5.632	14.049	10.172
C. Valenciana	18.528	11.174	6.594	3.067	19	7	2.414	1.429	9.501	6.672
Extremadura	2.120	1.294	543	202	2	1	474	196	1.101	895
Galicia	9.386	5.397	3.608	1.625	-	-	1.398	701	-	-
Madrid	47.609	28.631	21.969	11.816	125	70	12.714	5.909	12.802	10.836
Murcia	5.290	3.711	1.375	582	2	2	584	348	3.330	2.779
Navarra	4.625	2.994	2.526	1.290	-	-	393	284	-	-
País Vasco	18.072	11.635	12.875	7.697	22	15	1.277	671	3.899	3.252
A Ríoxa	1.327	799	580	210	-	-	265	151	-	-
Ceuta e Melilla	46	41	-	-	-	-	-	-	-	-
Total (1)	203.302	123.225	88.635	44.714	395	197	39.349	20.673	74.923	57.641

(1) inclúe empresas, institucións privadas sen fins de lucro, administración pública e ensinanza superior

Nota: as celdas que son secreto estatístico se indican con valor 0 (-)


Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.7.





Gasto interno e persoal en actividades de I+D en Galicia e España 2012-13: taxas de crecemento



Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.8.

reflicte como a partir do ano 2009 o peso relativo do persoal dedicado a actividades de I+D en Galicia aumenta paulatinamente ata situarse no 38,4%, aínda cinco puntos inferior á media estatal.

No que ao persoal investigador nas empresas se refire, no ano 2013 o seu peso relativo no total galego mantense no 30,1%, situándose esta porcentaxe no 36,3% no conxunto do Estado.

● Indicadores de alta tecnoloxía

Os indicadores de alta tecnoloxía proporcionan información sobre empresas que realizan as súas actividades nos sectores considerados de alta e media alta tecnoloxía, distinguindo entre o sector manufactureiro de tecnoloxía alta (farmacia, fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos, construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria), sector manufactureiro de media-alta tecnoloxía (química, fabricación de armas e municións, fabricación de material e equipo eléctrico, fabricación doutra maquinaria e equipo, fabricación de vehículos de motor, fabricación doutro material de

transporte excepto construción naval, construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria, fabricación de instrumentos e suministros médicos e odontolóxicos) e máis o sector de servizos de tecnoloxía alta.

Galicia conta no ano 2013 con 109 empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, seis máis que no ano anterior, o que supón o 4,9% do total existente en España, o que a mantén como a sétima Comunidade con maior número de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía. No último ano, estas empresas galegas reducen de xeito significativo tanto o gasto como o persoal dedicado a actividades de I+D, cun descenso superior ao 31%, mentres que no conxunto do Estado o gasto descende un 3,1% e o persoal o fixo nun 1,8% en relación ao ano anterior. Como se desprende do **cadro 5.2.9.**, o seu gasto en I+D sobre o total de persoal empregado nestas actividades descende no último ano tanto en Galicia como no conxunto de España, acadando en Galicia os 68.300 euros e no conxunto do Estado, os 92.100 euros.

No que atinxe ás empresas de servizos de



Indicadores de alta tecnoloxía nas CC.AA. 2013

	empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía			empresas de servizos de alta tecnoloxía ou punta		
	empresas	gastos en I+D	persoal	empresas	gastos en I+D	persoal
		(en miles de euros)	(1)		(en miles de euros)	(1)
Andalucía	163	128.986	1.584,9	292	152.822	2.558,8
Aragón	128	91.564	1.138,8	72	29.948	430,9
Asturias	37	19.910	187,9	88	38.358	679,1
Baleares	6	867	15,4	30	4.081	82,4
Canarias	7	1.060	17,2	49	28.355	346,0
Cantabria	26	12.454	176,8	35	7.714	157,4
Castela e León	71	66.894	915,8	114	140.574	1.325,4
Castela-A Mancha	45	49.200	526,8	52	33.507	332,7
Cataluña	707	712.266	7.619,5	535	469.746	6.230,3
C. Valenciana	269	109.275	1.643,5	257	127.440	2.336,7
Extremadura	9	1.349	28,9	28	7.770	184,1
Galicia	109	47.815	699,8	158	71.794	1.471,5
Madrid	260	648.720	5.557,8	658	708.524	8.730,5
Murcia	57	16.387	286,9	69	16.900	387,2
Navarra	91	70.792	834,5	62	32.324	473,8
País Vasco	367	307.738	3.579,0	329	402.500	5.348,5
A Ríoxa	15	2.281	28,1	37	12.309	272,6
Ceuta e Melilla	-	-	-	2	262	5,4
Total	2.235	2.287.557	24.841,8	2.588	2.284.929	31.353,4

(1) persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.9.

Indicadores de alta tecnoloxía en Galicia e España 2012-13 (1)

	2012				2013			
	Galicia		Valor engadido	Establecem.	España		Valor engadido	Establecem.
	Emprego	Cifra de negocios			Emprego	Cifra de negocios		
	(en miles)	(en miles de euros)			(en miles)	(en miles de euros)		
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	656	22,6	7.087.351	1.288.225	14.437	661,4	148.898.882	32.797.672
Tecnoloxía alta	63	1,9	317.961	151.679	1.738	135,0	22.659.743	6.957.951
Tecnoloxía media-alta	593	20,7	6.769.389	1.136.546	12.699	526,4	126.239.139	25.839.721
Servizos de alta tecnoloxía ou punta	1.753	6,9	903.702	287.459	46.473	512,4	70.976.458	31.412.073
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	2.409	29,5	7.991.053	1.575.684	60.910	1.173,8	219.875.340	64.209.745
	2012				2013			
	Galicia		Valor engadido	Establecem.	España		Valor engadido	Establecem.
	Emprego	Cifra de negocios			Emprego	Cifra de negocios		
	(en miles)	(en miles de euros)			(en miles)	(en miles de euros)		
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	652	22,4	7.902.450	1.403.719	19.556	672,1	150.237.917	33.303.159
Tecnoloxía alta	66	1,8	276.710	120.532	2.781	147,3	24.130.714	7.539.801
Tecnoloxía media-alta	586	20,6	7.625.740	1.283.187	16.775	524,8	126.107.202	25.763.357
Servizos de alta tecnoloxía ou punta	-	7,0	-	-	-	524,5	-	-
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	-	29,4	-	-	-	1.196,6	-	-

(1) para Galicia, os datos de emprego refírense a asalariados segundo CNAE-2009; para España, os datos proveñen da Encuesta de Población Activa
Fonte: INE e IGE

5.2.10.





Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía 2013-14 ⁽¹⁾

	Exportacións			Importacións		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en miles de euros)		(%)	(en miles de euros)		(%)
Total	281.548	296.737	5,4	172.178	211.901	23,1
Construcción aeronáutica e espacial	497	846	70,2	4.118	46.758	1035,3
Maquinaria de oficina e equipo informático	4.742	4.639	-2,2	20.650	14.588	-29,4
Mat.electrónico: equipos de radio, tv e telecom.	44.332	55.894	26,1	47.538	74.301	56,3
Produtos farmacéuticos	8.589	25.502	196,9	3.433	11.085	222,9
Instrumentos científicos	20.217	17.655	-12,7	24.401	19.893	-18,5
Maquinaria e material eléctrico	23.518	20.883	-11,2	5.007	8.857	76,9
Produtos químicos	176.898	169.003	-4,5	59.287	30.770	-48,1
Maquinaria e equipo mecánico	1.796	2.145	19,4	4.735	5.054	6,7
Armas e municións	959	171	-82,2	3.009	595	-80,2

(1) datos 2014 son provisionais
Fonte: IGE, *Alta tecnoloxía*

■ 5.2.11.

alta tecnoloxía (información e comunicacións, excepto edición, e investigación e desenvolvemento), tras o incremento do 13% en relación ao ano anterior (18 empresas) Galicia acolle o 6,1% do total destas empresas en España (o 5,2% no ano 2012), sendo así a sexta Comunidade Autónoma con maior número deste tipo de empresas.

O gasto en actividades de I+D realizado polas 158 empresas de servizos de alta tecnoloxía existentes en Galicia ascendeu no último ano ata os 71,8 millóns de euros, 10,2 millóns máis que no ano anterior, e os postos de traballo en equivalencia a xornada completa medrou ata os 1.472 persoas, 222 máis que en 2012. En termos relativos, o esforzo investidor por traballador nestas empresas foi de 48,8 miles de euros, lonxe da media estatal, que se sitúa en 72,9 miles de euros, o que converte a Galicia na terceira Comunidade cun menor valor desta rateo, tan só por diante de Murcia e Cantabria.

Os sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta, **cadro 5.2.10.**, acadan en Galicia, no ano 2013, os 652 establecementos, catro máis que no ano anterior, o que contrasta co forte incremento experimentado no conxunto do Estado, con 5.119 establecementos máis (o 35,5%).

Un elemento importante á hora de analizar

as empresas de alta tecnoloxía é o seu grao de internacionalización, xa que o comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía pode considerarse un factor relevante á hora de medir a competitividade internacional dun territorio. O comercio exterior galego deste tipo de produtos mantén o saldo positivo de anos anteriores, se ben se reduce ata os 84,8 millóns de euros, fronte aos 109,4 millóns do ano anterior. Esta evolución é consecuencia, fundamentalmente, dun incremento do 23,1% no valor das importacións, que supera o incremento do 5,4% do valor das exportacións de produtos de alta tecnoloxía.

O valor total das exportacións destes produtos ascendeu a 296,7 millóns de euros, o que representa o 1,7% do valor total das exportacións galegas a terceiros países, en tanto que as importacións acadan os 211,9 millóns de euros, o 1,5% do importe total das compras.

Atendendo á desagregación segundo sectores, cómpre salientar a importancia do subsector de produtos químicos, que representa o 57% do valor total das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía (62,8% no ano anterior), así como os de material electrónico: equipos de radio, TV e telecomunicacións, que supón o 35,1% das exportacións, e o de construción aero-



Orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para o exercicio 2014: distribución Consellería e programa

	Total		Plan Galego de I+D+i	Investigación universitaria	Investigación sanitaria	Fomento da Sociedade da información e do coñecemento
	(% / total)					
	(en miles de euros)					
Total	201.228		62.993	47.970	1.587	88.677
Axencia Galega de Innovación	47.911	23,8	47.911			
C. do Medio Rural e do Mar	11.874	5,9	11.874			
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	3.209	1,6	3.209			
C. Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	47.970	23,8		47.970		
Servicio Galego de Saúde	1.587	0,8			1.587	
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	88.677	44,1				88.677

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

5.2.12.

Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2013-14

	2013			2014		
	Proxectos	Achega CDTI	Orzamento total	Proxectos	Achega CDTI	Orzamento total
		(en miles de euros)			(en miles de euros)	
Galicia	35	15.134,1	18.881,2	42	19.718,6	23.951,6
A Coruña	18	9.718.643,4	11.921.225,0			
Lugo	2	450.179,4	560.278,0			
Ourense	6	1.607.944,7	2.208.936,0			
Pontevedra	9	3.357.348,9	4.190.758,0			
Total España	1.325	688.071,5	878.539,4	1.511	795.655,4	1.035.454,3

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial

5.2.13.

náutica e espacial, que acolle o 22,1% das compras destes produtos de alta tecnoloxía a terceiros países.

Os sectores que no ano 2014 presenta un saldo comercial positivo seguen sendo os de produtos químicos, cun saldo positivo superior a 138 millóns de euros, o sector de produtos farmacéuticos, con 14,4 millóns de euros, e o sector de maquinaria e material eléctrico cun saldo positivo de 12 millóns de euros. Pola contra os sectores de construción aeronáutico e espacial e de material electrónico: equipos de radio, TV e telecomunicacións, presentan os déficits máis acusados, con 45,9 e 9,9 millóns de euros, respectivamente.

• Orzamento

O investimento da Xunta de Galicia para investigación, desenvolvemento e innovación

dentro do grupo de función 5 de produción de bens públicos de carácter económico ascende no 2014 ata os 118,4 millóns de euros, aumentando a 120,1 millóns nos presupostos iniciais aprobados para o 2015. Tal e como reflicte o **cadro 5.2.12.**, o programa de gasto con maior relevancia é o de fomento da sociedade da información e do coñecemento, a través da AMTEGA, que no exercicio 2014 experimenta unha caída no seu orzamento dun 6%, acadando os 88,7 millóns de euros.

Pola contra, aumenta o importe destinado ao Plan Galego en I+D+i ata os 63 millóns de euros en 2014, un 17,5% máis que no ano precedente. A Axencia Galega de Innovación (creada polo Decreto 50/2012) e, en menor medida, a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Instituto Galego de Calidade Alimentaria son os que xestionan o citado Plan. No concernente ao Plan de investiga-





Estadísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2014

	Solicitudes de patentes	Modelos de utilidade	Diseño industrial	Marcas	Nomes comerciais
Andalucía	527	309	228	6.565	1.271
Aragón	175	98	45	1.052	220
Asturias	36	37	32	833	175
Baleares	22	32	69	1.083	185
Canarias	46	62	92	1.859	296
Cantabria	32	25	12	416	45
Castela-A Mancha	62	67	46	1.509	278
Castela e León	90	116	58	1.890	328
Cataluña	516	633	309	8.835	1.062
C. Valenciana	324	430	252	4.726	819
Extremadura	27	31	19	696	111
Galicia	146	91	68	2.298	398
Madrid	568	376	367	12.132	1.457
Murcia	68	120	57	1.433	118
Navarra	76	36	12	640	63
País Vasco	162	126	44	1.974	209
A Ríoxa	25	12	9	502	45
Ceuta e Melilla	-	4	16	138	9
Non consta e estranxeiros	129	84	38	1.476	10
Total	3.031	2.689	1.773	50.057	7.099

Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

■ 5.2.14.

ción universitaria e ao Plan de investigación sanitaria, estes manteñen constantes os seus orzamentos.

Ademais, o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediticios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, comprometeu, ao longo do ano 2014, un total de 19,7 millóns de euros para o financiamento directo dos 42 proxectos de I+D aprobados. Tal e como se desprende dos datos recollidos no **cadro 5.2.13.**, o financiamento directo en Galicia aumenta de xeito considerable no último exercicio ao experimentar unha medra do 30,3%, case o dobre que no conxunto do Estado. O investimento total destes proxectos en Galicia acada os 24 millóns de euros, un 26,9% máis que no ano anterior (17,9% en España).

No que atinxe ao tipo de axuda recibida, dos 42 proxectos financiados, 26 son proxectos de I+D individuais; 6 corresponden a proxectos de I+D en colaboración internacio-

nal; 3 programas estratéxicos consorciados e os dous restantes a proxectos EEA, que están centrados no ámbito enerxético, do cambio climático e das tecnoloxías ambientais.

Xunto ao orzamento da Administración autonómica, as CCAA benefíciense tamén das convocatorias de I+D+i da Administración Xeral do Estado e das axudas comunitarias. No marco financeiro da RIS3 recóllese que para o período 2014-2020 os fondos estruturais e do investimento, xa sexa mediante xestión directa ou a través da xestión centralizada do Goberno de España, ascenden a 678 millóns de euros.

● Propiedade industrial

A situación e evolución nos rexistros de propiedade industrial considérase tamén un indicador do dinamismo do sistema de innovación. Tras o estancamento experimentado en 2013, no último ano rexístrase un acusado descenso do número de solicitudes de invención (patentes vía estatal e modelos de utilidade), que se sitúa en 237,



un 17,1% menos que no ano anterior. Tendo en conta que as solicitudes de innovación permanecen practicamente constantes no conxunto do Estado (-0,8%), o peso relativo de Galicia descende dende o 5% de 2013 ata o 4,1% de 2014.

O devandito descenso ven explicado tanto pola redución do número de patentes como dos modelos de utilidade. Dunha banda, o número de solicitudes de patentes descende ata as 146 solicitudes, 18 menos que no ano 2013, e o dos modelos de utilidade ata as 91 solicitudes, 31 menos que no ano anterior. Comparado co conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,8% das solicitudes de patentes e o 3,4% dos modelos de utilidade, porcentaxes inferiores aos rexistrados en 2013, cando os de Galicia representaban o 5,2% e 4,6% do total estatal, respectivamente (**cadro 5.2.14.**).

Pola contra, no ano 2014 rexístranse incrementos tanto do número de solicitudes de marcas como no de nomes comerciais. No último ano, rexistráronse un total de 2.298 solicitudes de marcas (310 máis respecto ao ano 2013) e 398 nomes comerciais (90 máis). Tendo en conta as maiores taxas de variación interanual, o peso relativo das solicitudes de marcas no conxunto estatal aumenta ata o 4,6%, catro décimas máis que en 2013, e o das solicitudes de nomes comerciais sitúase no 5,6%, tres décimas máis que no ano anterior.

● Producción científica

O Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016 indica que a competitividade do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación non depende só do seu tamaño, da contía dos seus recursos e dos incentivos, senón tamén das institucións que o integran, cuxa reputación científica e tecnolóxica permite atraer talento e investimentos. Neste senso, a produción científica e a súa visibilidade

internacional teñen un gran impacto potencial sobre a evolución do sistema de innovación nun territorio.

A produción de coñecemento científico por parte do conxunto do sistema galego de ciencia acada no ano 2012 (último dispoñible), un total de 4.778 documentos, o que representa un 5,8% do total de documentos científicos publicados en todo o sistema de ciencia en España. Segundo a información publicada polo Observatorio español de I+D+i, a porcentaxe de colaboración internacional, entendida como a proporción da produción publicada en colaboración con institucións de fora do país, é en Galicia do 36,2%, situándose por baixo da media estatal que no ano 2012 se sitúa en torno ao 40%.

En comparación co resto de CCAA, Galicia mantense como a quinta Comunidade con maior número de publicacións científicas, lonxe de Madrid (26%), Cataluña (25,7%), Andalucía (15,4%) e a C.Valenciana (11,4%). O impacto normalizado da produción científica galega é dun 1,24%, o que indica que as publicacións galegas son citadas un 24% máis que o promedio mundial, sendo o IN medio en España do 1,22%.

O 49,6% dos documentos galegos publicados o fixeron en revistas do primeiro cuartil, isto é en publicacións de alta calidade, sendo a taxa de excelencia das publicacións galegas do 12,1%, o que indica a porcentaxe de publicacións científicas que se inclúen no 10% dos artigos máis citados na súa área. Ambos os dous indicadores melloran en relación ao ano anterior, situándose a porcentaxe de publicacións en revistas do primeiro cuartil por riba da media española.

Gasto de innovación en empresas

O gasto en actividades innovadoras por parte do tecido empresarial nun territorio é un indicador da situación e evolución do seu





Execución orzamentaria da Axenda Dixital 2014.gal 2009-14

	Dotación pública	Investimento inducido (achega privada)	Investimento total
		(en euros)	
Liñas estratéxicas	911.914.368	363.907.844	1.275.822.222
Administración eficiente e intelixente	475.597.052	-	475.597.052
Cidadanía dixital	62.654.156	489.934	63.144.090
Transforma TIC	179.220.524	207.533.490	245.677.728
Economic-IT			141.076.286
InfraTeleCom	189.654.183	155.884.420	345.538.603
Medidas Instrumentais	4.788.453	-	4.788.463

Fonte: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

■ 5.2.15.

sistema de innovación. Atendendo aos datos do INE, que considera actividade innovadora non só a relacionada cos compoñentes de investigación e desenvolvemento científico, senón tamén toda actividade tecnolóxica, de investigación en novos coñecementos, ou de introdución ou mellora de novos procesos ou produtos e formas organizativas, Galicia conta no ano 2013 con 984 empresas con actividades innovadoras, 108 menos que no ano anterior.

No último ano a intensidade innovadora das empresas, é dicir, a porcentaxe de gasto en actividades innovadoras sobre o volume da súa cifra de negocios, descende en Galicia ata o 2,8%, cinco décimas menos que no ano anterior, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con maior rateo, tras Castela e León (2,9%). No conxunto do Estado esta intensidade innovadora aumentou lixeiramente ata o 1,9%.

No período 2011-2013, o 25,6% do total de empresas con sede social en Galicia eran empresas innovadoras (26% de media no Estado), o que significa que existen 2.064 empresas innovadoras. Atendendo á súa distribución segundo tipo de innovación, 1.520 empresas realizan innovacións non tecnolóxicas e 1.136 son empresas que presentan innovacións tecnolóxicas, entendendo por estas últimas as que comprenden os produtos (bens e servizos) e procesos tecnoloxicamente novos, así como as mello-

ras tecnolóxicas importantes dos mesmos. Entre as innovacións non tecnolóxicas, que inclúe as innovacións de marketing e as organizativas, cómpre mencionar que hai 1.210 empresas con innovacións organizativas.

● Axenda dixital

A mellora na calidade e eficiencia dos servizos públicos dixitais e o fortalecemento do sector TIC son os grandes obxectivos a acadar no novo plan da Axenda Dixital, a nivel europeo, estatal e rexional.

En Galicia, a Axenda Dixital 2014.gal, cun período de vixencia de 2009 a 2014, tiña como principal reto o da converxencia dixital, para o que distinguía seis liñas estratéxicas: Administración eficiente e intelixente; Cidadanía dixital; TransformaTIC; Economic-IT; InfraTeleCom; e, finalmente, Medidas instrumentais.

No seu período de vixencia o investimento público de case 912 millóns de euros conseguiu mobilizar en torno aos 363,9 millóns, polo que investimento total ascendeu a 1.275,8 millóns de euros. Como reflicte o **cadro 5.2.15.**, o ámbito de maior investimento é o correspondente ás accións destinadas a promover unha administración máis eficiente e intelixente, que acolle o 37,3% do investimento total (475,6 millóns), seguido por InfraTeleCom, que acolle o 27,1%



(345,5 millóns) e TransformaTIC, co 19,3% (245,7 millóns de euros). A achega privada dirixiuse fundamentalmente ás liñas Transforma TIC e EconomiC-IT, con 207,5 millóns, e InfraTeleCom, con 155,9 millóns de euros.

Entre os principais resultados da Axenda cómpre resaltar que case 800 procedementos, case a metade do total, pódense presentar por vía telemática (4% no ano 2010), ou no ámbito da cidadanía dixital, que preto de 52.000 alumnos de 531 centros estudan, gracias ao proxecto Abalar, en centros dixitais, ou que máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria de 84 centros iniciaron o curso 14-15 con libros dixitais.

Sociedade do coñecemento

O orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para o exercicio 2014, **cadro 5.2.16.**, amosa que un 44,1% do total vai destinado ao financiamento para o Fomento da sociedade da información e do coñecemento, cunha achega de 88,7 millóns de euros, seguido dos programas de gasto do Plan Galego de I+D+i, con 63 millóns de euros (31,3%) e de investigación universitaria, con 48 millóns (23,8%).

No que respecta ao alumnado matriculado en ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas, salienta que no curso 2013-2014 continúa reducíndose o número total de alumnos matriculados. No devandito curso hai matriculados un total de 16.034 alumnos en enxeñería e arquitectura, o 5,8% do total estatal, e 4.097 en ciencias experimentais, o 5,1%.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga), adscrito á Amtega, recolle un Sistema de Indicadores da Sociedade da Información, co obxectivo de monitorizar a evolución da mesma en Galicia. Os 29 indicadores selec-

cionados estrutúranse en dous grandes grupos: os indicadores da demanda, referentes ao nivel de equipamento e utilización de produtos e servizos TIC, e os indicadores de oferta, que fan referencia ao sector empresarial das TIC e á oferta de servizos públicos relacionados coa administración electrónica e a modernización administrativa.

No que atinxe aos indicadores da demanda, o último informe editado en decembro de 2014 reflicte que a case totalidade de empresas de dez ou máis traballadores dispón de acceso a internet (97,6%) mentres que no caso das empresas de menos de dez empregados esta porcentaxe sitúase no 62,7%, dous puntos menos que no ano anterior. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos cinco anos, cómpre mencionar o importante aumento do número de pequenas empresas con acceso a internet xa que en 2010 tan só o 47,3% das empresas de menos de dez traballadores tiñan acceso.

Ademais, indica que o 75,7% das empresas con actividade en Galicia ten paxina web fronte ao 33,2% no caso das empresas de menos de dez traballadores, e que o 26,8% e o 20,6% das empresas con actividade en Galicia compraron e venderon no último ano a través de internet. Por contra, no caso das empresas máis pequenas, tan só o 7,9% mercou a través de internet e o 4,6% vendeu os seus produtos a través de rede.

No que aos indicadores de demanda correspondentes á poboación se refire, os datos do INE reflicten que no último ano o 69,6% dos fogares galegos tiñan acceso a internet (74,4% en España) e o 69,1% do total de fogares con internet teñen conexión a través de banda ampla (73% no Estado). Neste último ano redúcese a denominada brecha dixital nos distintos indicadores seleccionados, salientando os casos da porcentaxe de fogares con ordenador, a porcentaxe de fogares con conexión de banda ampla, así como





Orzamentos de gastos da Xunta de Galicia en I+D+i e sociedade da información 2013-14: distribución segundo Consellerías

Investigación, desenvolvemento e innovación				
Plan galego de investigación, innovación e crecemento				
2013		2014		14/13
(en miles de euros)				
Total	53.616,7	Total	62.993,4	17,5
Axencia Galega de Innovación	36.520,4	Axencia Galega de Innovación	47.910,9	31,2
Medio Rural e do Mar	12.600,2	Medio Rural e do Mar	11.873,6	-5,8
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	4.496,1	Instituto Galego de Calidade Alimentaria	3.208,9	-28,6
Investigación universitaria				
2013		2014		14/13
Total	47.969,8	Total	47.969,8	0,0
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	47.969,8	Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	47.969,8	0,0
Investigación sanitaria				
2013		2014		14/13
Total	1.587,2	Total	1.587,2	0,0
Servicio Galego de Saúde	1.587,2	Servicio Galego de Saúde	1.587,2	0,0
Sociedade da información e do coñecemento				
Fomento da sociedade da información e do coñecemento				
2013		2014		14/13
Total	94.561,4	Total	88.677,3	-6,2
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	94.561,4	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	88.677,3	-6,2

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

5.2.16.

Alumnado matriculado en ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas e españolas 2011-14

	1º e 2º ciclo				graos			
	2011-12	2012-13	2013-14	13-14/12-13	2011-12	2012-13	2013-14	13-14/12-13
UDC								
Enxeñerías e arquitectura	5.591	4.281	3.067	-1.214	3.279	4.139	4.799	660
Ciencias experimentais	342	226	99	-127	391	500	601	101
USC								
Enxeñerías e arquitectura	1.457	979	533	-446	782	1.148	1.329	181
Ciencias experimentais	1.097	657	267	-390	1.512	1.797	1.993	196
Uvigo								
Enxeñerías e arquitectura	4.073	3.218	2.135	-1.083	2.233	3.216	4.171	955
Ciencias experimentais	507	313	156	-157	584	794	981	187
Galicia								
Enxeñerías e arquitectura	11.121	8.478	5.735	-2.743	6.294	8.503	10.299	1.796
Ciencias experimentais	1.946	1.196	522	-674	2.487	3.091	3.575	484
España								
Enxeñerías e arquitectura	166.440	117.427	72.220	-45.207	135.559	172.410	202.362	29.952
Ciencias experimentais	37.409	22.822	11.468	-11.354	45.746	58.589	68.303	9.714
Galicia / España (%)								
Enxeñerías e arquitectura	6,68	7,22	7,94		4,64	4,93	5,09	
Ciencias experimentais	5,20	5,24	4,55		5,44	5,28	5,23	

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadísticas universitarias*

5.2.17.



Tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e España 2013-14: indicadores

	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
	(%)			
Fogares				
fogares equipados con televisión	99,7	99,3	99,4	99,2
fogares equipados con ordenador	68,5	72,6	73,4	74,8
fogares con acceso a Internet	64,7	69,6	69,8	74,4
fogares con conexión de banda ampla	64,0	69,1	68,9	73,0
fogares equipados con vídeo	42,4	36,4	39,8	36,4
fogares equipados con DVD	65,8	64,0	70,3	67,1
fogares equipados con cadea musical, alta fidelidade, laserdisc	52,6	51,3	55,4	53,8
fogares equipados con radio	80,2	77,3	76,8	75,5
fogares equipados con teléfono fixo	79,2	79,2	78,0	78,2
fogares equipados con teléfono móbil	95,1	95,4	96,1	96,4
Empresas				
empresas que dispoñen de ordenadores	98,5	98,6	98,9	99,2
empresas que dispoñen de rede de área local (LAN)	82,8	83,9	85,4	87,3
empresas que dispoñen de rede de área local sen fíos	52,1	57,8	55,6	61,9
empresas que dispoñen de conexión a Internet	98,2	97,6	98,0	98,3
empresas que dispoñen de correo electrónico	98,1	-	97,8	-
empresas que acceden a Internet mediante conexión de banda ampla fixa(1)	98,0	98,6	98,5	98,1
empresas que interactúan coas Administracións Públicas mediante internet (1)	88,4	91,8	90,1	91,1
empresas con conexión a Internet e sitio web(1)	64,4	71,6	71,6	75,8
Novas tecnoloxías				
persoas que usan teléfono móbil	93,2	92,9	94,2	95,0
persoas de 16 a 74 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	66,4	69,3	72,0	76,2
persoas de 16 a 74 anos que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	65,3	69,3	71,6	76,2
persoas de 16 a 74 anos que mercaron por internet (últimos 3 meses)	21,2	25,9	22,7	27,5
persoas que empregaron internet ao menos unha vez á semana (últimos 3 meses)	60,0	64,6	65,8	71,2
	(nenos 10 a 15 anos = 100)			
nenos de 10 a 15 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	97,0	93,6	95,2	93,8
nenos de 10 a 15 que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	92,9	94,7	91,8	92,0
nenos de 10 a 15 que dispoñen de teléfono móbil	72,3	69,8	63,0	63,5

(1) porcentaxe sobre o total de empresas que dispoñen de conexión a Internet
 Fonte: INE

5.2.18.

entre as porcentaxes de fogares con conexión a internet.

Un factor fundamental que incide no grao de utilización das TIC é a idade. O **cadro 5.2.18.** amosa que a porcentaxe de galegos de 16 a 74 anos que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses antes da enquisa ascendeu en Galicia ata o 69,3%. A pesar do importante crecemento en relación aos datos do ano anterior (case 3 puntos), o diferencial con respecto ao Estado aumentou no último ano, onde a porcentaxe situouse no 76,2%. A mesma situación rexístrase no caso das persoas que empregaron internet

ao menos unha vez á semana nos últimos tres meses, e das persoas de 16 a 74 anos que mercaron por internet nos últimos tres meses. Asemade, cómpre resaltar a elevada porcentaxe de nenos de 10 a 15 anos que dispoñen de teléfono móbil, que se sitúa no 69,8% en Galicia fronte ao 63,5% de España.

Os indicadores de oferta do sector TIC mostran a existencia de 2.029 empresas neste sector no ano 2013, un 2,7% máis que no ano precedente, que acollen a 15.144 persoas empregadas, un 2,1% menos que no ano 2012. O volume de negocio deste sector





en Galicia acadou os 2.240 millóns de euros, segundo dato do Osimga, o que supón un incremento do 0,3% interanual. A pesar deste leve incremento a contribución do sector TIC ao PIB galego diminúe nun 9,1% acadando o 2% no ano 2013. ▢



